

E.P.A. Eduardo Pondal – Curso 2023-24

Guía didáctica: Grego II - Bacharelato Semipresencial

Departamento de Grego e Latín. Prof.: María Agustina Castro Vilar

A materia Grego II ten como obxectivo principal profundizar na labor de tradución, de xeito que os alumnos poidan analizar e comprender textos gregos orixinais e situalos no seu contexto. Ademais, será preciso coñecer a literatura grega.

De todo xeito, estamos pendentes de que a CIUG nos envíe o programa deste curso, con posibles modificacións. Se informará oportunamente ao alumnado sobre estas pautas ABAU actualizadas.

Por iso, é moi importante a asistencia a clase e traballar na casa 2-3 horas semanais ou as que o alumnado considere necesarias para alcanzar o coñecemento da lingua grega de 2º de Bacharelato e a súa literatura.

De seguir cos modelos de cursos pasados os alumnos terán que facer lecturas: *Ilíada* (selección de cantos), lírica (selección de poemas), *Edipo Rey* e *A Asamblea de Mulleres (Asambleístas)*, e tradución de textos de Xenofonte e Apolodoro. **As lecturas poden cambiar**, polo que se avisará ao alumnado en canto chegue as directrices da CIG para as ABAU.

1. METODOLOXÍA.

A materia de Grego II forma parte das optativas da modalidade do Bacharelato de Humanidades. O estudo da lingua grega constitúe a base fundamental para a comprensión do importante legado cultural recibido por Occidente. O coñecemento do axuda a mellorar as competencias léxicas en varios idiomas actuais, debido á elevada porcentaxe de helenismos e elementos de composición-derivación que permanecen en linguas como o castelán, o galego, o francés ou o inglés, entre outros. A materia de Grego II, como calquera outra do currículo do Bacharelato semipresencial, conta cunha sesión semanal de asistencia obrigatoria, que recibe o nome de **titoría lectiva**, xa que é aquela na que se abordan as explicacións teóricas da unidade que corresponda en cada momento do curso.

Estas sesións semanais complementáanse cunha **titoría de orientación (1)** de

periodicidade semanal, para que nela o alumnado poida resolver as dúbidas que lle puidesen xurdir no seu labor individual de estudo e preparación da materia e realización das actividades.

2. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

- **Diccionario Griego- Español.** Diccionario bilingüe Vox. Imprescindible para a realización das tarefas do curso e para levar ao exame.
- **Apuntes proporcionados polo profesor:** material teórico, textos (orixinais en grego e versión bilingüe para a autocorrección no estudo autónomo), e lectura obrigatorias segundo ABAU.
- **Aula Virtual da EPAPU Eduardo Pondal.**
- **Web:** www.viamedia.es (no apartado “Griego”, subapartado “Ejercicios interactivos”): servirá de gran axuda para o reforzo práctico da gramática grega no estudo autónomo do alumnado.
- **Recursos bibliográficos.** O centro dispón de biblioteca, na que ademais da consulta e préstamos de libros, revistas, etc., dispónse de conexión a internet que o alumnado pode utilizar como apoio didáctico.

3. CONTIDOS.

O contido da materia de Grego II está **organizado nunha serie de bloques** que abranguen tanto **aspectos lingüísticos como culturais**, tendo en conta que ambos aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización grega, sen as que non é posible apreciar a importancia do legado heleno na súa verdadeira dimensión.

O segundo curso de bacharelato supón o coñecemento das leccións impartidas no primeiro curso e aprendizaxe de novas unidades da lingua e cultura grega.

O primeiro destes bloques ofrece un **contexto xeral da historia da lingua grega** nas súas diferentes etapas. No segundo bloque estúdase a **morfoloxía** como paso fundamental para a comprensión dos textos orixinais. O terceiro

bloque abrangue o estudo da **sintaxe**, imprescindible para interpretar as relación dos elementos morfolóxicos e a comprensión dos textos orixinais. No cuarto bloque, o obxecto de estudo é a **literatura**, coas características dos principais xéneros literarios e os autores máis representativos. Ademais, as lecturas obrigatorias establecidas pola CIUG están relacionadas con dito bloque. O quinto bloque fai referencia á tradución e interpretación dos **textos gregos**, incluído os comentarios de carácter cultural, histórico e lingüístico que poidan xurdir ao traballar os documentos. Por último, o sexto bloque está adicado ao **léxico**, co estudo da pervivencia da lingua grega nos idiomas modernos na nosa contorna a través dos helenismos, prefixos e sufixos.

4. TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS.

Os contidos poden intercambiarse dunha avaliación á outra segundo o coñecemento dos mesmos por parte do alumnado.

1ª AVALIACIÓN (9 periodos lectivos)

O alumnado deberá realizar o repaso dos seguintes contidos de GRAMÁTICA (vistos en Grego I) **de xeito autónomo e en paralelo á marcha das clases**:

- a) Repaso do alfabeto en maiúscula en minúscula. Lectura fluida de oracións e textos en grego.
- b) Os espíritus.
- c) A 1ª e 2ª declinacións.
- d) O artigo.
- e) Os adxectivos da 1ª clase.
- f) A 3ª declinación: temas en consoante (en oclusiva; en líquida e nasal; en -vt; en silbante). A 3ª declinación: temas en vogal e ditongo.
- g) Os adxectivos da 2ª clase.
- h) Graos do adxectivo: comparativo e superlativo.
- i) Verbos temáticos: voz activa. Tempos do modo indicativo: presente, futuro, imperfecto, aoristo, perfecto e pluscuamperfecto.

- j) Verbos temáticos: voz medio-pasiva. Tempos do modo indicativo: presente, futuro, imperfecto, aoristo, perfecto e pluscuamperfecto.
- k) Verbo εἰμί. Tempos do modo indicativo: presente, futuro, imperfecto, aoristo, perfecto e pluscuamperfecto.
- l) Pronomes: persoais e relativo.
- m) Pronomes/determinantes: demostrativos e posesivos.
- n) Formas non persoais dos verbos temáticos: participio de presente (activo e medio-pasivo), infinitivo de presente (activo e medio-pasivo).
- o) Formas non persoais do verbo εἰμί: participio de presente activo, infinitivo de presente activo.

Materia nova (GRAMÁTICA):

- a) A 3ª declinación: casos especiais.
- b) Adxectivos de 3ª clase. Adxectivos irregulares.
- c) Análise e tradución de oración básicas e textos de Xenofonte.

Materia nova (ETIMOLOXÍA):

- a) Helenismos e etimoloxías: 1/3 do listado proposto.

Materia nova (LITERATURA E O SEU CONTEXTO)

- a) Literatura e o seu contexto: A épica. Homero. Argumento e personaxes da *Ilíada*.
- b) Lectura: Homero, *Ilíada*, cantos 1, 6, 16 e 22 (poden cambiar, dependendo das indicacións da CIUG).

2ª AVALIACIÓN (9 periodos lectivos)

Entra toda a materia de repaso e a materia nova de GRAMÁTICA da 1ª avaliación.

Materia nova (GRAMÁTICA):

- a) Os pronomes: persoais, relativo.

- b) Os pronomes/determinantes: demostrativos, posesivos, indefinidos, interrogativos. Pronome de identidade αὐτός.
- c) Os verbos atemáticos. Modo indicativo: presente, futuro, imperfecto, aoristo, perfecto e pluscuamperfecto. Voz activa e medio-pasiva.
- d) A oración subordinada adxectiva (oracións de relativo).
- e) A oración medio-pasiva: complemento axente.
- f) A oración de participio: participio concertado, participio absoluto (xenitivo absoluto).
- g) A oración de infinitivo: infinitivo concertado, infinitivo non concertado.
- h) Análise e tradución de textos de Apolodoro.

Materia nova (ETIMOLOXÍA):

- a) Helenismos e etimoloxía: 1/3 do listado proposto.

Materia nova (LITERATURA E O SEU CONTEXTO):

- a) A traxedia. Sófocles. Tema da obra *Edipo Rei*. Características do héroe en *Edipo Rei*.
- b) Lectura: Sófocles, *Edipo Rei*. (Pode cambiar, dependendo das instrucións de CIUG).
- c) Literatura e o seu contexto: A lírica arcaica. Alceo, Safo e Arquíloco. Temas e características principais na obra destes autores.
- d) Lectura: Selección de poemas líricos.

3ª AVALIACIÓN: (6/7 periodos lectivos)

Entra toda a materia de repaso e a materia nova de GRAMÁTICA da 1ª e da 2ª avaliación.

Materia nova (GRAMÁTICA):

- a) As preposicións.
- b) O aumento e a reduplicación. Verbos compostos con preverbio.
- c) Nocións básicas do subxuntivo e do optativo.
- d) As conxuncións coordinadas e subordinadas máis frecuentes.

e) Materia nova (ETIMOLOXÍA):

a) Helenismos e etimoloxía: 1/3 do listado proposto.

Materia nova (LITERATURA E O SEU CONTEXTO):

a) Literatura e o seu contexto: A comedia. Aristófanes. Tema e argumento desta obra.

b) Lectura: Aristófanes, *A assemblea das mulleres (Asambleístas)*.

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

- Lectura e escritura correcta do grego clásico.
- Coñecemento das declinacións, os casos e as funcións sintácticas.
- Coñecer as desinencias das formas verbais e saber traducilas.
- Diferenciar os preverbios e ser capaces de atopar os verbos no dicionario.
- Saber traducir as construcións de infinitivo e participio.
- Coñecer os nexos e os modos verbais nas oracións subordinadas.
- Ter un vocabulario básico e ser capaz de explicar os derivados en galego e castelán.
 - Diferenciar os xéneros literarios e coñecer algunhas das obras máis significativas da literatura grega.
 - Coñecer as características dos distintos xéneros literarios dos autores cuxas obras teñen que ler e entender contido das obras de lectura obrigatoria.

6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

EXAME: O alumnado realizará un mínimo de 1 exame escrito por avaliación. Este exame suporá o 100% da nota da avaliación. No exame, o/a alumno/a terá que realizar unha análise morfo-sintáctica (tipo de oracións e elementos que as compoñen) de oracións/ texto en prosa (de Xenofonte ou Apolodoro) e traducilo ao castelán ou galego correctamente. O/a alumno/a deberá tamén responder cuestións sobre os temas de literatura e o seu contexto, sobre as lecturas obrigatorias e sobre etimoloxía e helenismos.

CUALIFICACIÓN DO EXAME: A nota do exame seguirá as pautas dos modelos

ABAU:

- Análise e tradución e preguntas gramaticais: (6 puntos).
- Etimoloxía e helenismos (1 punto).
- Literatura e o seu contexto, e lecturas obrigatorias (3 puntos).

Aínda así, esta puntuación pode variar na ABAU de 2024.

IMPORTANTE: para que se puntúe favorablemente a análise morfosintáctica e a tradución, teñen que coincidir e estar ben os dous. É dicir, non contará nada unha tradución se non coincide coa análise ou ao revés. A puntuación sobre as preguntas de literatura e helenismos-etimoloxía *SÓ SUMARÁN SEMPRE E CANDO* o alumnado teña, polo menos, unha puntuación igual ou superior *Á METADE DA PUNTUACIÓN DA ANÁLISE E TRADUCIÓN DO TEXTO*. Por exemplo: Se no exame a análise e tradución valera un 60% do total, para sumar os apartados de literatura e etimoloxía sería preciso ter un 30% pola análise e tradución do texto.

SOBRE A CUALIFICACIÓN: Non se redondeará á alza a nota con decimais. De ser o caso, os decimais acumulados teranse en conta para redondear á alza a nota final (avaliación ordinaria), sempre que os decimais sexan iguais ou superiores a 0,5 (por exemplo, non contará nada o 0,4 se temos un 5,4 nalgunha avaliación, pero sí contará o 0,5 se temos un 5,5 nalgunha avaliación). O redondeo será dun máximo de 1 punto sobre a cualificación obtida na avaliación ordinaria.

Está prohibido levar aos exames teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos en xeral (MP3 e similares). Aqueles alumnos que cometan actos ilícitos no desenvolvemento das probas obterán a cualificación de 0 puntos.

AVALIACIÓN CONTINUA: Ao ser avaliación continua, se un/unha alumno/a suspende unha avaliación, quedaralle recuperada de xeito automático se aproba a seguinte. A 3ª avaliación é a avaliación ordinaria, polo que o alumnado que a suspenda poderá superala na avaliación extraordinaria. A nota final do curso será a da avaliación ordinaria.

PROBA EXTRAORDINARIA: Esta proba extraordinaria consistirá nun exame escrito, coas mesmas características que na avaliación ordinaria. Poderán presentarse a esta avaliación extraordinaria os/as alumnos/as que non superen a avaliación ordinaria, e aqueles que perderán o dereito á avaliación continua por ter superado o

máximo de faltas de asistencia sen xustificación.

INCIDENCIAS: O alumnado que, por algunha razón xustificada, non puidera presentarse a algún exame poderán realizalo dentro dos prazos establecidos. Será obrigatorio presentar xustificación documental á titora do grupo e comunicalo dentro dos prazos establecidos.

7. MÍNIMOS ESIXIBLES.

- Coñecemento dos contidos gramaticais e sintácticos do curso anterior (e repasados de xeito autónomo polo alumnado na primeira avaliación, e traballados de xeito práctico ao longo de todo o curso).
- Verbos contractos e aтемáticos.
- Formas nominais do verbo (infinitivo e participio).
- Valores dos casos e a súa tradución. Proposicións subordinadas de relativo e substantivas.
- O participio concertado e absoluto. As conxuncións máis relevantes e o seu emprego na subordinación.
- Oracións de infinitivo.
- Literatura: A épica. Homero. Argumento e personaxes da *Ilíada*. Lectura: Homero, *Ilíada*, cantos 1, 6, 16 e 22.
- Literatura: A traxedia. Sófocles. Tema da obra *Edipo Rei*. Características do héroe en *Edipo Rei*. Lectura: Sófocles, *Edipo Rei*. (Pode cambiar, dependendo das instrucións da CIUG).
- Literatura: A lírica arcaica. Alceo, Safo e Arquíloco. Temas e características principais na obra destes autores. Lectura: Selección de poemas líricos (pode cambiar, dependendo das instrucións da CIUG).
- Literatura e o seu contexto: A comedia. Aristófanes. Tema e argumento desta obra. Lectura: Aristófanes, *A assemblea das mulleres (Asambleístas)* (pode cambiar, dependendo das instrucións da CIUG).
- Helenismos e etimoloxía.